



Guion técnico exemplo

FICHA TÉCNICA		
Emisora ou grupo responsable: alumnado de 6º EP do programa "Que pasa no meu centro?"		
Crónica: "Actualidade e risas"		
Duración: 1 hora		
Secuencia de realización		
Control	Sintonía de inicio de programa	10"
Locutor/a 1	Presentación do programa e dos contidos	30"
Control	Publicidade Gala fin de curso	15"
Locutor/a 1	Presenta sección e dá paso a locutor 2	10"
Locutor/a 2	Sección Noticias locais	5"
Control	Música. Canción fin de sección	1,5"
Locutor/a 1	Identifica canción, despide a sección e dá paso á seguinte	15"
Locutor/a 3	Presenta sección e colaboradores e colaboradoras. Desenvolvemento sección "Hai moita cultura no colexio"	5"
Control	Música. Canción fin de sección	1"
Locutor/a 1	Identifica canción, despide a sección e dá paso á seguinte	20"
...



TIPOS DE MAGACÍNS

Segundo o seu contido, podemos clasificalos:

Magacín básico. É o que mellor representa el formato. En él tienen cabida todos los géneros radiofónicos. Combina el análisis de la actualidad, conexiones en directo y el espectáculo/entretenimiento, basado en contenidos más ligeros y amenos. Puede estar centrado en una sola temática.

Magacín informativo. Caracterízase pola maior importancia das intervencións de expertos e expertas nas distintas materias. O condutor ou condutora do programa perde protagonismo.

Magacín de entretemento. Trátase dun formato actual, moi frecuente no formato pódcast, e que xoga cunha falsa improvisación para aportar frescor. Os seus contidos son máis desenfadados e trátanse en clave de humor.



O magacín



Que é?

O magacín ou radio-revista é un formato de programa **contedor** que mestura **información, opinión e entretemento**.

O fío condutor do magacín é o presentador ou presentadora, habitualmente unha soa persoa, que dunha forma amena e áxil combina o análise da actualidade co entretemento. En ocasións, a división en bloques entre información e entretemento é máis clara aínda ao ser presentado cada bloque por unha persoa diferente.

Como **formato mixto**, no magacín ten cabida a actualidade, con conexións en directo, pero tamén as curiosidades, música, contos, concursos, tertulias... Dada su diversidad, tamén se coñece como programa de variedades.



Obxectivo

Ten dúas finalidades: informar, dun modo ameno, e entreer, acompañar á audiencia.



Elementos chave

Os elementos chave que caracterizan o magacín son dous:

- O presentador ou a presentadora do programa.** Trátase dunha persona que fai de fío condutor entre as distintas seccións e temáticas, aportando cohesión e cercanía.
- Seccións fixas e contidos variados.** As seccións (ou microespazos) son fixas e sempre cun horario determinado. Habitualmente contan cun abano de persons colaboradoras, tertulianos e tertulianas, expertos e expertas, que acompañan a quen presenta en cada unha das seccións. Os contidos poden variar, pero repítese sempre a súa periodicidade (os martes, tertulia deportiva; os mércores, cine; etc.).



PAUTAS PARA ELABORAR UN MAGACÍN

- Orixinalidade e creatividade.** Este formato debe ser dinámico e fuxir da monotonía. Ten que resultar atractivo, interesante.
- Estilo cercano e informal.** Debe ser doado de comprender para todo tipo de audiencia. Cando se tratan temas especializados ou específicos, quen presenta debe “traducir” o contido para que os e as oíntes o comprendan con facilidade.
- Presentador ou presentadora estrela.** A figura de quen conduce o magacín é chave para fidelizar á audiencia. O programa é habitualmente coñecido co nome do seu presentador ou presentadora, que pode chegar a converterse en líder ou lideresa de opinión. É quen marca o ritmo e a personalidade do programa, debe coñecer os temas que se tratan e dominar a linguaxe e a dinámica da radio á perfección.
- Participación da audiencia.** Esta participación acerca o formato aos e ás oíntes.
- Variedade temática, de voces e situacións.** Xunto coa actualidade, trátanse temas máis lixeiros, como moda, beleza, cociña, bricolaxe, curiosidades, humor... que axudan a equilibrar o programa.
- Música.** Utilízase para acompañar ou pode formar parte dalgún microespazo do programa.
- Produción e realización.** Parte da axilidade do programa recae nas tarefas de guion e postprodución, que teñen que conseguir que a emisión do magacín resulte amena.



¿Cómo?

Non existe unha única maneira correcta de desenvolver un magacín. A chave é combinar con ritmo e orixinalidade as diferentes seccións dando forma a un conxunto diverso pero con sentido. Débese prestar atención a:

- Presentación.** Saúdase á audiencia e esmiúzase os contidos do programa a xeito de menú.
- Seccións.** Cada microespazo é independente, coa súa estrutura, tema e obxectivos de cara á audiencia. Se o magacín nn é informativo, pódese incluír un boletín cada hora.
- Temas serios e temas ponte.** Para que o relato do programa sexa equilibrado, o presentador oi presentadora enlaza temas de actualidade ou informativos con contidos máis lúdicos. Establece un diálogo coa audiencia entre os distintos segmentos, ben para facilitar a comprensión dos contidos, ben para entreter. A música ofrece unha gran solución para a transición entre seccións.
- Conclusión.** Pode ser unha peza opinativa do condutor ou condutora do programa. Non sempre se inclúe.

Que boa hora!, en Canarias Radio

Lanzarote aulas abiertas ao mundo
(IES Agustín Espinosa, Arrecife)



EXEMPLOS